



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Técnicas de Investigación Literaria	Código	613G01042	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Tato García, Cleofe	Correo electrónico	cleofe.tato@udc.es	
Profesorado	Tato García, Cleofe	Correo electrónico	cleofe.tato@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Preparación para a investigación literaria.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos: Non hai</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen: Actividades iniciais</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican: O Obradoiro e a Sesión maxistral desenvolveranse ben a través de Moodle (mediante presentacións, lecturas e/ou exercicios), ben a través de Teams. A asistencia a un evento será substituída por a audición dalgunha conferencia ou o visionado dalgún evento o documental en internet. Proba mixta: no caso de ser imposible a súa realización de maneira presencial, levarase a cabo unha proba síncrona, que o alumnado fará a man en papel e da que subirá unha foto a Moodle para a súa avaliación.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Correo electrónico; videochamada, previa solicitude de cita, a través de Teams (terá lugar no horario de titorías).</p> <p>4. Modificacións na avaliación: mantéñense as actividades e as porcentaxes; únicamente cambia, de ser preciso, o modo en que se desenvolve a proba mixta e a maneira en que se entrega, aspecto este que afecta tamén á entrega de exercicios do obradoiro, do resumo do evento e do traballo, que se subirán á plataforma Moodle.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Non hai modificacións na bibliografía, aínda que, se os estudantes non puidesen acceder á Biblioteca, sería necesario proporcionarlles os elementos básicos de consulta a través de Moodle.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título



Ser capaz de buscar información sobre un tema literario e avaliar a posibilidade de elaborar desde aí un proxecto de investigación	A1 A2 A14 A15 A16 A17 A18 A22	B1 B3 B5 B6 B7 B9 B10	C1 C6 C8
Coñecer as características e as dificultades do labor de investigación	A1 A3 A5 A8 A9 A15 A16 A17		
Manexar de forma efectiva as fontes bibliográficas convencionais e tamén coñecer ferramentas e recursos de internet	A8 A11	B1 B2 B3 B5 B6 B10	C6
Producir textos escritos de distinta extensión e alcance, debidamente redactados e organizados, nos que o estudante expoña os avances dun traballo de investigación, unha reflexión crítica sobre un determinado tema, presente un estado da cuestión dun tema...	A2 A11 A14 A15 A17	B1 B2 B3 B5 B6 B7 B10	C3 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Bases da investigación literaria.	Consideracións previas Especialización Fundamentos Finalidade e obxectivos da investigación Aportación e novidade Honestidade intelectual Difusión
2. O estudo literario dos textos	Disciplinas literarias e non literarias Sistema e metodoloxía Periodización Corpus
4. A edición e anotación de textos	Tipos de edición A crítica textual: un achegamento Fases da edición As fontes primarias: a súa importancia



3. Recursos para a investigación literaria	Fontes de información Bibliotecas e bibliografía Documentos e arquivos Bases de datos e recursos en internet
5. A elaboración do traballo de investigación	Os datos e o seu almacenamento A estrutura do traballo e as súas partes A redacción do texto: a súa importancia Os suplementos Os índices

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 A16 B1 B2 B5 B7 C1 C6 C8	14.5	18	32.5
Obradoiro	A1 A2 A3 A8 A11 A15 A22 B1 B2 B6 B7 C1	15	19	34
Eventos científicos e/ou divulgativos	A2 A9 A11 A16 B3 B5 B6 B7 B10 C1 C3	2	3	5
Traballos tutelados	A1 A2 A11 A14 A16 A17 B1 B3 B5 B6 B7 B9 B10 C1 C3	0	30	30
Actividades iniciais	B10 C1	0.5	0	0.5
Proba mixta	A1 A2 A5 A9 A11 A14 A17 A18 B6 B10 C1 C3	2	6	8
Atención personalizada		2.5	0	2.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Nas sesións expositivas o ritmo da clase recaerá fundamentalmente na profesora, que tratará de achegar ao estudante cos principios, a metodoloxía e as características propias da investigación literaria. Para que o alumnado se implique nestas sesións procurarase a súa intervención (preguntas-respostas, interpelacións...).
Obradoiro	Combinación de diversas metodoloxías y probas (prácticas guiadas, exposicións, discusións dirixidas, exercicios de comentario, manexo de fontes instrumentais, etc.) a través das que o alumnado se familiariza con distintas técnicas e recursos de investigación, así como con algunhas fontes instrumentais básicas, sempre co apoio e supervisión da profesora. Nalgún caso, pode solicitarse que revise algunha lectura ou leve a cabo algún exercicio ou tarefa na casa para desenvolverla posteriormente na aula. Unha ou máis desas tarefas poderá(n) ser recollida(s) pola docente para a súa avaliación
Eventos científicos e/ou divulgativos	Aproveitaránse os recursos e medios dispoñibles. Así, os alumnos poderán visitar o Arquivo do Reino de Galicia e aproximarse, de xeito directo e práctico, á materialidade do libro e ao funcionamento dun arquivo. No caso de que a visita non puidese levarse a cabo, reemplazarase esta actividade por outra (visionado dalgún documental, audición dalgunha entrevista ou conferencia de interese accesible en internet...).
Traballos tutelados	Cada estudante deberá preparar un breve traballo sobre algún aspecto do programa que a profesora lle asignará seguindo as pautas que no seu momento se establezan para a súa presentación. Na primeira fase, o alumno preparará un breve guion que debe discutir coa docente, ao que despois debe aterse para a súa realización
Actividades iniciais	Análise do coñecemento previo que o estudiantado ten do labor de investigación no eido literario. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita artellar unha docencia que favoreza a aprendizaxe significativa



Proba mixta	Ao final do curso, na data fixada pola Facultade, o alumno realizará unha proba adicada a verificar a adquisición das competencias da materia, para o cal se lle plantexarán preguntas e exercicios de diverso tipo referidos ao programa, fundamentalmente en relación co traballo tutelado e coas tarefas entregadas, a modo de control da autoría deses materiais. Requerirase, ademáis, que acade un nivel de expresión acorde co dun grao universitario.
-------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Proba mixta Obradoiro Eventos científicos e/ou divulgativos	O alumno poderá, sempre que sexa preciso, requirir a atención personalizada da profesora, tanto para resolver dúbidas xurdidas na preparación da proba mixta, como nas sesións dedicadas ao obradoiro. Non obstante, as titorías nunca poden ser instrumento para suplir as explicacións que o estudante non ten seguido por se ausentar da aula inxustificadamente. No que atinxe á realización do traballo, deberá pasar polo gabinete da profesora na primeira fase para presentar o guión, mais despois é recomendable que consulte as dúbidas ou problemas que se lle plantexen no proceso de elaboración.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A11 A14 A16 A17 B1 B3 B5 B6 B7 B9 B10 C1 C3	Os alumnos prepararán un traballo de iniciación á investigación sobre algún tema literario dos que a profesora propoña. Valorarase a aportación do estudante, a organización das ideas, a orixinalidade, a fundamentación científica... Tamén serán tidas en conta as cuestións formais (presentación, expresión, sistema de citas, referencias bibliográficas...).	45
Proba mixta	A1 A2 A5 A9 A11 A14 A17 A18 B6 B10 C1 C3	En cada unha das oportunidades (final de cuatrimestre e xullo), realizarase unha proba mixta na que, a través de preguntas e exercicios varios, o alumno demostrará que acadou os coñecementos e competencias previstas. Será moi importante tamén que neste exercicio ofrezca unha expresión correcta.	25
Obradoiro	A1 A2 A3 A8 A11 A15 A22 B1 B2 B6 B7 C1	Valorarase a participación nas aulas, así como os exercicios e actividades que o alumno leve a cabo nas distintas sesións, atendendo á súa capacidade crítica e ás súas achegas.	15
Eventos científicos e/ou divulgativos	A2 A9 A11 A16 B3 B5 B6 B7 B10 C1 C3	Está previsto que os estudantes asistan a un evento divulgativo ou científico. Programarase unha visita guiada ao Arquivo do Reino de Galicia, onde deberán seguir as explicacións que se lles faciliten co obxectivo de presentar por escrito un texto no que dean conta dos aspectos principais sobre os que se lles ten informado e, especialmente, daqueles que garden relación co tratado nas sesións maxistras e nos obradoiros. Deberán presentar un resumo completo e cabal da exposición no que demostren non só que asistiron á visita senon que foron quen de seguilo de maneira comprensiva. No caso en que non se poda levar a cabo esta actividade, reemplazarase por outra (resumo dun audio sobre algún aspecto da materia, visionado dun vídeo)	15

Observacións avaliación



Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación. Farase media entre as distintas partes cando o estudante acade un 4 no traballo tutelado e na proba mixta.

Só se aceptarán os traballos e actividades realizadas e entregadas nas datas previstas, en soporte de papel e seguindo as normas que se precisarán en cada caso. Dase por suposta a asistencia ás aulas, que é obrigatoria. Aquel estudante que conte con dispensa de asistencia recoñecida será avaliado mediante a proba mixta (40%) e o traballo (60%); debe poñerse en contacto coa docente ao inicio do curso para establecer con precisión o mecanismo de seguimento da súa actividade (especialmente para a fixación das datas da entrega do traballo e da realización da proba mixta). O sistema de avaliación será o mesmo para as persoas que participen na convocatoria adiantada de decembro. Considerase como "non presentado" o alumno que non entregue o traballo tutelado ou non realice proba mixta. Na 2.ª oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes, xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro) nin o Evento. Así, a valoración estará composta polo 60% do traballo e o 40% da "Proba mixta". A expresión do estudante nas distintas probas, exercicios e actividades levadas a cabo debe ser a que corresponde ao nivel da titulación (non só se tomará en conta, por tanto, a corrección ortográfica e gramatical). No caso de que a expresión dos exercicios e traballos realizados fora da aula non garde relación coa das probas e exercicios que o estudante realiza en clase baixo o control dos profesores, para avaliar a expresión tomaranse como referencia os escritos que aquel elaborou sen axuda externa.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Alcina Franch, J. (1994). Aprender a investigar: métodos de trabajo para la redacción de tesis doctorales.. Madrid: Compañía Literaria. - Blecua, Alberto. (1983). Manual de crítica textual.. Madrid: Castalia. - Díez Borque, J. M., coord. (1985). Métodos de estudio de la obra literaria.. Madrid: Taurus. - Eco, Umberto. (2001 (1977)). Cómo se hace una tesis: técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura.. Barcelona: Gedisa. - Gaskell, Philip. (1999). Nueva introducción a la bibliografía material.. Gijón: Ediciones Trea. - Jauralde Pou, Pablo. (1981). Manual de investigación literaria (Guía bibliográfica para el estudio de la literatura española).. Madrid: Gredos. - Martínez de Sousa, José (2012). Manual de estilo de la lengua española. Gijón: Trea - Montaner Frutos, A. (1999). Prontuario de bibliografía (Pautas para la realización de descripciones, citas y repertorios).. Gijón: Ediciones Trea. - Paun de García, Susan. (2004). Manual práctico de investigación literaria. Cómo preparar informes, trabajos de investigación, tesis y tesinas.. Madrid: Castalia. - Rodríguez Fer, Claudio. (1998). Guía de investigación literaria.. Gijón: Júcar. <p>Durante o curso e a medida que se vaian desenvolvendo os temas, a profesora proporcionará outras referencias bibliográficas.</p>
Bibliografía complementaria	Será proporcionada nas aulas e/ou a través da plataforma Moodle.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Dispor dunha competencia lingüística acorde ao nivel universitario de 4ª de Grao é requisito; recoméndase a aqueles estudantes que teñan problemas na expresión (sexan ortográficos, sintácticos ou de outro tipo) que os subsanen, prestando especial atención aos erros cometidos ao longo do curso para no repetilos na proba mista.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías